

Requisitos da inscrición

Con carácter xeral:

Na inscrición expresarase o nome que se dá ao nacido.

Prohibicións:

- Hai que ter en conta que non se pode designar máis dun nome composto nin máis de dous simples.
- Establécense unha serie de prohibicións relativas ao nome quedando prohibidos os nomes seguintes:
 - Os que obxectivamente prexudiquen á persoa.
 - Aqueles que puideran confundir na identificación da persoa.
 - Os que induzan a erro en canto ao sexo.

Supostos especiais:

1. No caso de que se opte pola inscrición do nacemento na localidade de domicilio común dos pais, distinto ao do lugar en que se produciu o nacemento, esíxese que a solicitude se formule pola comparecencia dos proxenitores de común acordo, e dentro do prazo para practicar a inscrición dende o nacemento ou parto (momento no que unha persoa ten vida propia independente, fóra do seo materno). Cómpre que comparezan ambos, achegando a seguinte documentación:
 - Certificado de empadramento de ambos pais.
 - Certificado da Clínica ou Hospital de que non se promoveu ningunha outra inscrición do nacido.
 - Débese acreditar o domicilio común dos pais no lugar en que se pretende inscribir. A acreditación farase por DNI ou, no seu lugar, por certificado de empadramento.
 - Os solicitantes deben manifestar baixo a súa responsabilidade que no promoveron a inscrición no Rexistro Civil correspondente ao lugar de nacemento, achegando ademais unha certificación acreditativa de que tampouco o fixo a dirección do centro hospitalario no que tivo lugar o nacemento.
 - Ademais, será preciso facer que conste expresamente na casa destinada a observacións, que se considera para todos os efectos legais que o lugar de nacemento do inscrito é o municipio no que foi practicado o asento. As certificacións no extracto só farán mención a este termo municipal.
2. Nomes e apelidos dos estranxeiros que adquiren a nacionalidade española.

Nomes

- El criterio xeral é que na inscrición de nacemento no Rexistro español dun estranxeiro que adquiriu a nacionalidade española, hase de consignar como nome propio o que apareza na certificación estranxeira de nacemento que sirva de título para a inscrición, a non ser que se probe a utilización de feito doutro nome propio. Debe manterse o nome que viñese usando o

interesado, aínda que non fose de uso corrente que será completado ou cambiado se infrinxe as normas establecidas.

- Rexen as mesmas normas sobre prohibicións que as establecidas con carácter xeral.
- En todo caso, se o nome que consta na certificación do Rexistro local ou o usado polo interesado se atopa incluído nalgún destes supostos, ha de ser substituído por outro axustado ás normas españolas: haberá que substituílo polo usado a cotío; no seu defecto, polo elixido polo interesado ou o seu representante legal, e, en último termo, por un imposto de oficio.
- No caso de nomes propios que consten en sistema de escritura distinto ao noso (chinés, xaponés, etc) consignaranse mediante a súa transcripción ou transliteración, de maneira que se consiga unha adaptación gráfica e unha equivalencia fonética. Tamén en nomes propios escritos con caracteres latinos, a petición do interesado, cabería facer adaptacións ortográficas para facilitar a súa escritura e fonética (por exemplo, supostos en que o nome orixinal tivese varias consonantes seguidas).

Apelidos

- Ao estranxeiro que adquire a nacionalidade española han de atribuírselle os apelidos determinados pola filiación, segundo o establecido pola lei española.
 - Se esta filiación é coñecida e se os proxenitores non acordaron, antes da inscrición, a inversión da orde dos apelidos faranse constar:
 - Como primeiro apelido, o primeiro do pai e como segundo, o primeiro dos persoais da nai, é dicir, en canto ao apelido materno non procede a atribución do que esta puido, por exemplo, adquirir por matrimonio, senón o que tivese antes da súa celebración.
 - Así mesmo, a lei permite a quen adquire a nacionalidade española, conservar os apelidos que ostentase en forma distinta da legal, se así o declara no momento da adquisición ou nos dous meses seguintes a esta ou á maioría de idade. Sempre que non se infrinxan os principios de orde pública internacional español en materia de apelidos (duplicidade de apelidos e infungibilidade de liñas).
 - Cando a filiación non determine outros apelidos, manteranse os que viñese usando o interesado.
 - Cando se trate de estranxeiros que, conforme ao seu estatuto persoal, teñen atribuído un só apelido, ao seren inscritos como españois, hanse de facer constar dous apelidos.
 - Vale para os apelidos o antedito respecto dos nomes, en canto ás adaptacións ortográficas e fonéticas.
 - Respecto do cambio de nome e apelidos, unha vez adquirida a nacionalidade española, réxense pola lexislación española. Se se acolleron á facultade de conservar os apelidos que ostentaban antes de adquirir a nacionalidade española, non poden acollerse posteriormente á posibilidade de inverter a orde dos apelidos.
3. Cando a inscrición de nacemento se refira a estranxeiros, no referente á imposición do nome e apelidos, seguirase o disposto na súa lei persoal.